

Asunto: Información relativa aos padróns fiscais do IAE e do IBI, exercicio 2019

Nas datas e mediante as resolucións da Presidencia desta Deputación que de seguido se indican foron aprobados os seguintes padróns fiscais:

- Imposto sobre actividades económicas (resolución núm. 26.096, de 30 de xullo de 2019)
- Imposto sobre bens inmoables urbanos (resolución núm. 18.563, de 29 de maio de 2019)
- Imposto sobre bens inmoables rústicos (resolución núm. 16.917, de 15 de maio de 2019)
- Imposto sobre bens inmoables de características especiais (resolución núm. 15.791, de 07 de maio de 2019)

Os ficheiros que conteñen os referidos padróns, a matrícula definitiva e a matrícula de exentos do imposto sobre actividades económicas e os padróns catastrais do imposto sobre bens inmoables, están a disposición dese concello no seguinte enlace: <https://www.dacoruna.gal/servizos-tributarios/servizos-restrinxidos/>.

Na última folla dos padróns figura un resúmen có número de recibos e a débeda total.

Período e lugar de exposición

Os devanditos padróns fiscais quedarán expostos ao público na Deputación Provincial, onde poderán ser examinados polos interesados, dende o **18 de setembro ata o 21 de outubro de 2019**, ambos os dous incluídos.

O anuncio de exposición pública dos padróns fiscais será publicado oportunamente por esta Deputación no Boletín Oficial da Provincia e nos diarios de maior difusión da provincia.

O presidente/PDFR 01/08/2019
O deputado

Antonio Leira Piñeiro